

ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 5 DE XULLO DO 2007.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as nove horas do día cinco de xullo do ano dous mil sete, tivo lugar a sesión ExtraOrdinaria da Xunta de Goberno Local que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. José Manuel Domínguez Freitas, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Miguel A. Español Otero.
- Dna. Montserrat Magallanes Álvarez.
- D. Paulino Rodríguez González.
- D. Antonio Lomba Baz.

Non asiste: D. Manuel Javier Crespo González

Asiste como Secretaria a do Concello Dna. Julia M<sup>a</sup> Carrasco Glez.-Alegre.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- ACORDOS

Lese o escrito RE 4.689 de data 26 de xuño de 2007, presentado por Dna. M<sup>a</sup> DOLORES NEIRA LÓPEZ – PROCURADORA DOS TRIBUNAIS, xuntando copia da sentenza dictada pola Sala do Contencioso do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de apelación n<sup>o</sup> 4280/2005 dimanante do procedemento n<sup>o</sup> 85/2004 do Xulgado do Contencioso n<sup>o</sup> 3 de Pontevedra seguido a instancias de Sistemas Fmetal, S.L., na que condena ó Concello ó levantamento do precinto e a incoar o oportuno expediente de reposición da legalidade.

A Xunta de Goberno Local acorda incoar expediente de reposición da legalidade.

Lese o escrito RE 4.721 de data 27 de xuño de 2007, presentado por DNA. M<sup>a</sup> JESÚS RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, con enderezo na rúa 3<sup>a</sup> Transv. A Cruz, n<sup>o</sup> 22 de A Guarda, solicitando que se aclare se o Concello funciona como portelo único para outras administracións.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que o Portelo Único existente no Concello de A Guarda é unicamente coa Xunta de Galicia polo que non cabe presentar escritos dirixidos á Administración do Estado a través do mesmo.

Lese o escrito RE 4.648 de data 26 de xuño do 2007, presentado por DNA. CARMEN MARTÍNEZ PÉREZ, con enderezo na Carretera do Pasaxe-Forno do Duque, presentando denuncia contra os colindantes da súa finca ( Herederos da finca de Maximino Castro Barcia) e solicitando que se lle inste para que procedan á limpeza da súa propiedade.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle ós propietarios da finca a denuncia presentada e remitirlle un escrito ordenando a execución da citada limpeza recordándolle que en caso de non facelo se adoptarán as medidas pertinentes, así como trasladar o presente acordo á denunciante.

Lese o escrito RE 4.513 de data 20 de xuño de 2007, remitido pola DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA, reiterando o ofrecimento de asistencia técnica en materia de patrimonio documental paa contribuir a conservación e organización do arquivo municipal e solicitando que se lle comunique o interese en recibir esta colaboración.

A Xunta de Goberno Local acorda solicitar os servizos da Deputación neste asunto para a organización do arquivo municipal de A Guarda.

Lese o escrito RE 4.691 de data 26 de xuño de 2007, presentado por D. JOSE ANTONIO FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, representante do Circo PORTUGAL, con enderezo social en Casa nº 8 – Poedo de Baños de Molgas (Ourense), solicitando autorización para a instalación do circo no lugar de costume neste municipio entre os días 30 de agosto e o 2 de setembro, ambos inclusive.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado, sempre que conte co permiso do propietario dos terreos.

Lese o escrito RE 4.878 de data 3 de xullo de 2007, presentado polo VALEDOR DO POBO, reiterando que se lles remita informe complementario sobre o problema que motivou a queixa de Dna. Carmen M<sup>a</sup> Baz Rodríguez.

A Xunta de Goberno Local acorda dar traslado ó aparelador municipal e a Policía Local para que realicen unha medición en horario de funcionamento do local, se emita informe e se lle remitan as actuacións practicadas ó Valedor.

Lese o escrito remitido vía fax por EDELNE S.L. , con enderezo na Carretera Moledo, nº 5 - Sárdoma en Vigo, solicitando a devolución dos avais presentados para responder das obrigas derivadas das obras realizadas na rúa Largo, nº 3 e na rúa Donantes de Sangue.

A Xunta de Goberno Local visto o informe da aparelador municipal acorda proceder á devolución do aval correspondente ás obras realizadas na rúa Donantes de Sangue pero por outro lado acorda proceder a execución do depositado en relación coas obras na rúa Largo, nº 3.

Lese o escrito RE 2.168 de data 30 de marzo de 2007, presentado por D. ANGELINO FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, en representación de FREIXOAL, S.L., con enderezo na Avda. Ordóñez, nº 24-baixo (Goian) en Tomiño, solicitando a devolución do aval presentado para responder das obrigas derivadas das obras de urbanización dos terreos cedidos polas aliñacións fixadas por rehabilitación de vivenda unifamiliar na rúa 2ª Transv. Coruto Vello, nº 8.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do aparellador municipal, acorda proceder a súa devolución.

Lese o escrito RE 2.780 de data 27 de abril de 2006, presentado por ELYME, S.L., con enderezo na rúa das Mamoas, nº 28 – Polígono Industrial O Campiño en Pontevedra, solicitando a devolución do aval depositado para responder das obrigas derivadas das obras de canalización subterránea nunha lonxitude de 132 metros lineais para subministro eléctrico a varias vivendas na rúa Manuel Álvarez.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do aparellador municipal, acorda proceder a súa devolución.

Lese o escrito RE 2.347 de data 10 de abril de 2006, presentado por JOSÉ LUIS LORENZO ALONSO, S.L., con domicilio social na rúa Brasil, nº 58 de A Guarda, solicitando a devolución do aval depositado para responder das obrigas derivadas das obras de canalización subterránea de liña de baixa tensión na rúa da Cal.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do aparellador municipal, acorda proceder a súa devolución.

Lese o escrito RE 5.021 de data 20 de xullo de 2006, presentado por UNIVERCASA, con enderezo na rúa Colón, nº 24 Entr. B de Vigo, solicitando a devolución do aval depositado para responder das obrigas derivadas das obras de urbanización dos terreos cedidos polas aliñacións fixadas por construción de edificio de 4 vivendas na rúa Inguieiros, nº 7.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do aparellador municipal, acorda proceder a súa devolución.

Lese o escrito RE 5.125 de data 26 de xullo de 2006, presentado por EDELNE, S.L., con enderezo na Carretera de Sárdoma, nº 5 en Vigo, solicitando a devolución do aval presentado para responder das obrigas derivadas das obras de canalización realizadas na rúa Canal entronque rúa Fernández Albor.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do aparelador municipal, acorda proceder a súa devolución.

Lese o escrito RE 2.346 de data 10 de abril de 2006, presentado por JOSÉ LUIS LORENZO ALONSO, S.L., con domicilio social na rúa Brasil, nº 58 de A Guarda, solicitando a devolución do aval depositado para responder das obrigas derivadas das obras de canalización subterránea de liña de baixa tensión a unha vivenda sita na rúa Bouzó.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do aparelador municipal, acorda proceder a súa devolución.

Lese o escrito RE 2.070 de data 28 de marzo de 2007, presentado por CERRAJERÍA GÁNDARA, S.L., con enderezo na rúa Aldea, s/n – Forcadela de Tomiño, solicitando a devolución do aval depositado para responder das obrigas derivadas das obras de pecha do Centro Cultural de A Guarda.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do aparelador municipal, acorda proceder a súa devolución.

Lese o escrito RE 4.481 de data 19 de xuño de 2007, presentado por D. ANDRÉS SEVES LORENZO, en representación de PROBAMI, S.L., con domicilio social en Carregal de Tomiño, solicitando a devolución do aval depositado para responder das obrigas derivadas das obras de cesión e urbanización na rúa 8ª Transv. Solanas.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do aparelador municipal, acorda proceder a súa devolución.

Lese o escrito RE 6.315 de data 19 de setembro de 2006, presentado por ELYME, S.L., con enderezo na rúa das Mamoas, nº 28 – Polígono Industrial O Campiño en Pontevedra, solicitando a devolución do aval depositado para responder das obrigas derivadas das obras de canalización subterránea para suministro eléctrico a varias vivendas na rúa Julia Vaquero.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do aparelador municipal, acorda proceder a súa devolución.

Lese o escrito RE 3.894 de data 29 de maio de 2007, presentado por D. JOSÉ MARÍA VERDE GONZÁLEZ, con enderezo na rúa Manuel Álvarez, nº 10-3º Esq. de A Guarda, solicitando a devolución do aval depositado para responder das obrigas derivadas das obras de urbanización e cesión na rúa Coruto Vello, nº 1.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do aparelador municipal, acorda proceder a súa devolución.

Lese o escrito RE 4.467 de data 18 de xuño de 2007, presentado por D. AQUILINO RODRÍGUEZ VÁZQUEZ, con enderezo en Paseo Portugal, nº 77 de A Guarda, solicitando a devolución do aval depositado para responder das obrigas derivadas das obras de rehabilitación e ampliación de vivenda en Salgueiró.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do aparellador municipal, acorda proceder a súa devolución.

Lese o escrito RE 2.345 de data 10 de abril de 2006, presentado por JOSÉ LUIS LORENZO ALONSO, S.L., con domicilio social na rúa Brasil, nº 58 de A Guarda, solicitando a devolución do aval depositado para responder das obrigas derivadas das obras de instalación de dous apoios de madeira para retirar liña de baixa tensión grapeada a fachada, sito na rúa de Outeiro, nº 52.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do aparellador municipal, acorda proceder a súa devolución.

Lese o escrito RE 3.705 de data 30 de maio de 2006, presentado por MOVEXVIAL, S.L., con enderezo na Estrada de Madrid, nº 150 de Vigo, solicitando a devolución da fianza definitiva presentada para responder das obrigas derivadas das obras de “Saneamento na rúa Bechos, Fase 2”.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do aparellador municipal, acorda proceder a súa devolución.

Lese o escrito RE 2.973 de data 4 de maio de 2006, presentado por MOVEXVIAL, S.L., con enderezo na Estrada de Madrid, nº 150 de Vigo, solicitando a devolución da fianza definitiva presentada para responder das obrigas derivadas das obras de “senda peatonal a orillas do río Miño”.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do aparellador municipal, acorda proceder a súa devolución.

Lese o escrito RE 1.508 de data 7 de marzo de 2007, presentado por HIDROMIÑO, S.L., con enderezo social na rúa Julio Sesto, nº 64-3 baixo de O Rosal, solicitando a devolución do aval definitivo presentado para responder das obrigas derivadas das obras de “Recuperación Camiño Monacal”.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do aparellador municipal, acorda proceder a súa devolución.

Lese o escrito RE 3.134 de data 7 de maio de 2007, presentado por D. CAMILO M. FERNÁNDEZ PÉREZ, con enderezo na rúa Costa dos Soldados,

Apartamento 3 de A Guarda, solicitando a devolución do aval definitivo presentado para responder das obras de demolición de casa na Granxa en Camposancos.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe do aparelador municipal, acorda proceder a súa devolución.

Lese o escrito RE 4.702 de data 26 de xuño de 2007, presentado por DNA. DOLORES RODRÍGUEZ ALONSO, con enderezo na rúa A Roda, nº 24, como representante legal de Bar Tapería Chupaovos, solicitando autorización para a ocupación de vía pública para terraza de 8 m<sup>2</sup> durante o verán.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 4.471 de data 18 de xuño de 2007, presentado por D. CESAR VERDE GONZÁLEZ, representante legal de Xantar A Guarda, S.,L., e con enderezo a efectos de notificacións na rúa Malteses, nº 81-3º de A Guarda, solicitando permiso para instalación dunha terraza na fronte do seu negocio sito na rúa Colón deixando paso para os vehículos.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe favorable da Policía Local, acorda acceder a solicitude, se ben será retirada de comprobarse que entorpece ó tráfico.

Vistos os escritos cos rexistros de entrada nº 4.766, 4.791, 4.825, 4.864 presentados por diferentes colexios do municipio solicitando que se leven a cabo ós arranxos solicitados nos mesmos.

A Xunta de Goberno Local sinala que se levarán a cabo na medida das posibilidades do Concello.

Lese o escrito RE 4.568 de data 22 de xuño de 2007, presentado por D. AURELIO PEREIRA GÁNDARA, con endrezo na rúa Pozas, nº 25 de A Gándara, actuando en nome propio e en representación dos veciños que se indican no mesmo, solicitando a colocación de vallas protectoras no bordillo da beirarrúa que está a carón do refuxo escolar sito na confluencia das rúas Pozas e Estrada da Gándara.

A Xunta de Goberno Local acorda que se remita este escrito a Estradas de Pontevedra.

Lese o escrito RE 4.569 de data 22 de xuño de 2007, presentado por D. AURELIO PEREIRA GÁNDARA, con endrezo na rúa Pozas, nº 25 de A Gándara, actuando en nome propio e en representación dos veciños que se indican no mesmo, solicitando a construción dunha rotonda na Estrada da Gándara na súa confluencia coa rúa Pozas.

A Xunta de Goberno Local acorda que se remita este escrito a Estradas de Pontevedra.

Lese o escrito RE 4.904 de data 4 de xullo de 2007, presentado por CLUB DE REMO ROBALEIRA, para informar que día 15 de xullo vai celebrarse no porto de A Guarda a regata de bateis con motivo da Festa da Virxe do Carme, para o que solicitan a colaboración da Policía Local co fin de ordenar o tráfico na zona. Asimesmo, solicitan que se lles facilite un palco cun tolde para situar os árbitros da competición e unha conexión de toma de corrente.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que deben poñerse en contacto coa Policía Local para ordenar o tráfico e acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 4.610 de data 25 de xuño do 2007, presentado por D. JOSÉ ANTONIO URIS GUIANTES, representante de Asociación Pedra Furada - Comisión Festas do Monte 2007, con enderezo a efectos de notificación no Apto. de correos nº 150 de A Guarda, solicitando autorización para a celebración das festas do Monte de Santa Tecla 2007 entre os días 6 e 13 de agosto.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 4.609 de data 25 de xuño do 2007, presentado por D. JOSÉ ANTONIO URIS GUIANTES, representante da Asociación Pedra Furada – Comisión Festas do Monte 2006, con enderezo a efectos de notificación no Apto. de Correos, nº 150 de A Guarda, solicitando autorización para levar a cabo unha tirada de fogos de artificio no peirao do porto a partir das 24 horas do día 13 de agosto. O mesmo tempo solicitan o apagado das luces públicas da zoa para a tirada e a colaboración da Policía Local na área de influencia.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado.

Lese o escrito RE 4.921 de data 4 de xullo de 2007, presentado por D. MIGUEL ALONSO VICENTE, con enderezo na rúa Fernández Albor, nº 4-2ºB, e como responsable da banda mariñeira “Os do Rancho”, solicitando permiso para a celebración dun acto festivo na parte alta do parque do Cancelón, necesitando para elo conexión eléctrica e un escenario.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder ó solicitado pero non se dispón de palco.

Lese o escrito RE 4.920 de data 4 de xullo de 2007, presentado por D. MIGUEL ALONSO VICENTE, con enderezo a efectos de notificación na rúa Fernández Albor, 4-2ºB de A Guarda, solicitando a colaboración do Concello con motivo do V Encontro de Bandas Mariñeiras do Trega.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que as súas demandas xa estaban previstas na solicitude do Presidente das Festas do Monte.

Lese o escrito RE 4.780 de data 29 de xuño de 2007, presentado por D. MIGUEL ALONSO VICENTE, en representación da Comisión Organizadora das Festas da Virxe do Carme, solicitando:

- Que se lles facilite o guindastre municipal e un operario para colocar as bandeiras no porto o día 6 de xullo.
- Instalación e desinstalación de palco municipal para un concerto de rock
- Que se lles facilite un camión e un chófer para o traslado de cadeiras paa a celebración da Santa Misa o día 15 de xullo
- Instalación do palco municipal o luns día 16 de xullo para a actuación da Banda Municipal de A Guarda.

A Xunta de Goberno Local acorda acceder a todo o solicitado excepto ó palco posto que non se dispón del.

## PUNTO 2.- SUBVENCIONS

Vista a Orde do 16 de febreiro de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas e subvencións para os programas de escolas obradoiro e casas de oficios, de obradoiros de emprego e de unidades de promoción e desenvolvemento no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia e se procede a súa convocatoria para o ano 2007, a Xunta de Goberno Local, órgano competente para elo, acorda acollerse a dita Orde, aprobar o proxecto de obradoiro de emprego e solicitar a correspondente subvención á Consellería de Traballo.

## PUNTO 3.- ASUNTOS TRAIADOS POLOS CONCELLEIROS

Dase conta do escrito RE 4.755 de data 28 de xuño de 2007, presentado por D. XAN LOIS LOMBA ALONSO – CONCELLEIRO DO BNG NO CONCELLO DE A GUARDA, solicitando que se inste a autoridade competente no asunto do arranxo do peirao ó carón do ferry para que garanta a seguridade no mesmo.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada.

Lese o escrito RE 4.517 de data 20 de xuño de 2007, presentado por TERRA GALEGA, solicitando informe de intervención sobre as contas municipais

na anterior lexislatura así como o acceso ó expediente relativo a Festa da Lagosta 2006.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que:

- En relación coa solicitude do informe de intervención, non reúne o quorum necesario para solicitalo.

- En relación co expediente da festa da Lagosta, acorda comunicarlle que estará a súa disposición na Secretaría do Concello e poderá acceder dende a recepción deste acordo.

#### PUNTO 4.- OBRAS MENORES

Asiste o funcionario do Concello D. José M<sup>a</sup> Álvarez Álvarez.

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do técnico municipal, co orzamento fixado por este e conforme ó que xa foron ingresados nas arcas do Concello os correspondentes impostos e taxas locais, pola unanimidade dos presentes, e sen prexuízo de terceiros, acordou acceder á realización da obra que se sinala, non podendo iniciarse as obras ata que o técnico municipal as inspeccione previamente, debendo avisalo solicitante ó Concello con antelación suficiente.

A D<sup>o</sup>. SARA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, R.E. N<sup>o</sup>. 3.088 DE DATA 4 DE MAIO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE JOSÉ MARÍA SESTO N<sup>o</sup>. 40 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA SUBSTITUIR O MATERIAL DE CUBRICIÓN ACTUAL CONSISTENTE EN RETIRAR AS MADEIRAS E TELLA EXISTENTE POR RASILLÓNS CERÁMICOS E TELLA MIXTA NUNHA SUPERFICIE DE 180,00 M<sup>2</sup>. DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE JOSÉ MARÍA SESTO N<sup>o</sup>. 40, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “A GÁNDARA” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 9 DO P.X.O.U.).

A D<sup>a</sup>. JULIA RODRÍGUEZ SILVA, R.E. N<sup>o</sup>. 3.295 DE DATA 10 DE MAIO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 3<sup>o</sup> TRV. NETOS N<sup>o</sup>. 9 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA AMPLIACIÓN DE PORTAL EN 0,80 MTS. DE ACCESO A VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE 3<sup>o</sup> TRV. NETOS N<sup>o</sup>. 9, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CIVIDÁNS” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N<sup>o</sup>. 7 DO P.X.O.U.).

A MOTOR FLORES, S.L., R.E. N<sup>o</sup>. 2.803 DE DATA 23 DE ABRIL DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARRETERA DE SAN ROQUE N<sup>o</sup>. 5 DE

A GUARDA-C.P. 36789, PARA INSTALACIÓN DE VALLA PUBLICITARIA CUNHAS DIMENSIÓNS DE 8,00 X 3,00 MTS. NA FINCA DA SÚA PROPIEDAD SITA NA RÚA DE CARRETERA DE SAN ROQUE Nº. 5, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “SAN ROQUE” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9 DO P.X.O.U.).

A D. SANTIAGO RODRÍGUEZ CARRERO, R.E. Nº. 2.943 DE DATA 30 DE ABRIL DE 2007, E CON DOMICILIO NA PRAZA DE A GUIA Nº. 12-2º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA CONSISTENTE EN DESMONTAR A ACTUAL PARA POSTERIOR COLOCACIÓN DE BARDOS CERÁMICOS E TELLA MIXTA NUNHA SUPERFICIE DE 106,00 M<sup>2</sup>., E INSTALACIÓN DE 4 VENTÁS TIPO “VELUX”, DA EDIFICACIÓN SITA NA PRAZA DE A GUIA Nº. 12, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D. ARTURO BAZ RODRÍGUEZ, R.E. Nº. 3.034 DE DATA 3 DE MAIO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE OLIVA Nº. 69-2º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA SUBSTITUIR O MATERIAL DE CUBRICCIÓN ACTUAL CONSISTENTE EN RETIRAR A TELLA PLANA EXISTENTE POR URALITA G.O. E TELLA CURVA NUNHA SUPERFICIE DE 106,00 M<sup>2</sup>. DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE OLIVA Nº. 69, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D. FRANCISCO ROMERO RODRÍGUEZ, R.E. Nº. 2.299 DE DATA 3 DE ABRIL DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE PANCENTENO Nº. 56 DE O ROSAL-C.P. 36770, PARA REALIZAR MURO DE CONTENCIÓN DE TERRENO E PECHE DE FINCA CON FRENTE Ó CAMIÑO NUNHA LONXITUDE DE 40,00 MTS. LINEAIS, SITA NO LUGAR DE CENTEARES, S/N., EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “CASTRO-ZAMAR” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 9-B [ÁREA DE TOLERANCIA] DO P.X.O.U.).

A D. NORBERTO COBALLES VIEIRA, R.E. Nº. 3.560 DE DATA 21 DE MAIO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 4º TRV. SOLANAS Nº. 9 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA DA VIVENDA UNIFAMILIAR CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS ENTRAMADOS DE MADEIRA E TELLA EXISTENTES POR URALITAS E TELLA NOVA DO PAIS NUNHA SUPERFICIE DE 46,00 M<sup>2</sup>., SITA NA RÚA DE 4º TRV. SOLANAS Nº. 9, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A HOGAR 10, S.A. RPRS. POR D. JOSÉ MIGUEL FERREIRO VÁZQUEZ, R.E. Nº. 3.509 DE DATA 16 DE MAIO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE MARÍA BERDIALES Nº. 18-1º (OFICIÑA 4-7) DE VIGO-36203, PARA

CANALIZACIÓN SUBTERRÁNEA DA REDE DE BAIXA TENSIÓN PARA SUMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA A 3 VIVENDAS UNIFAMILIARES SITAS NA RÚA DE ROSENTES, EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “ROSENTES” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA N.º. 9 DO P.X.O.U.).

A RETEVISIÓN, S.A.U. RPRS. POR D. JOSÉ LÓPEZ AGUILAR, R.E. N.º. 3.265 DE DATA 9 DE MAIO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CRUCERO DE LA CORUÑA N.º. 97 DE SANTIAGO DE COMPOSTELA-C.P. 15705, PARA OBRAS DE REPARACIÓN E SANEAMENTO DA CANALIZACIÓN DOS CABLES DA ANTENA ENTRE A CASETA DE EQUIPOS E A TORRE DO CENTRO REEMISOR DE TELEVISIÓN PARA A INSTALACIÓN DA TDT, SITUADO NO FACHO DO MONTE DE SANTA TEGRA.

A D.ª. PILAR VICENTE MARTÍNEZ, R.E. N.º. 2.631 DE DATA 17 DE ABRIL DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE MANUEL ÁLVAREZ N.º. 2-2º DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA CONSISTENTE EN SUBSTITUIR A TELLA PLANA EXISTENTE POR URALITAS E TELLA DO PAIS NUNHA SUPERFICIE DE 135,00 M<sup>2</sup>. DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE MANUEL ÁLVAREZ N.º. 2, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º. 1 DO P.X.O.U.).

A D. LEOPOLDO SANZ SOLDANI, R.E. N.º. 1.979 DE DATA 26 DE MARZO DE 2007, E CON DOMICILIO NA URBANIZACIÓN “SAN TELMO DE SAA-PARCELA B-4” DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA CUBRICIÓN DE 3 TERRAZAS NUNHA SUPERFICIE DE 3,5 M<sup>2</sup>., 3,5 M<sup>2</sup>. E 5,00 M<sup>2</sup>. REALIZADAS CON URALITAS E TELLA DO PAIS, E PECHE CON FRENTE A RÚA DE CARRETERA DE CAMPOSANCOS NUNHA LONXITUDE DE 10,00 MTS. LINEAIS E UNHA ALTURA DE 0,40 MTS. REALIZADO EN MURO DE MAMPOSTERIA, SITA NA URBANIZACIÓN DE “SAN TELMO DE SAA-PARCELA B-4” NA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS.

A D. AGUSTIN LUIS ESPAÑOL GONZÁLEZ, R.E. N.º. 1.318 DE DATA 28 DE FEBREIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 1º TRANSVERSAL LONGRA N.º. 7 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA REALIZAR MURO DE CONTENCIÓN E PECHE DE PARCELA FRONTAL NUNHA LONXITUDE DE 20,00 MTS. LINEAIS, NA FINCA SITA NA RÚA DE 1º TRV. DE A LONGRA, S/N. EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE SALCIDOS (ORDENANZA N.º. 7 DO P.X.O.U.).

A D. ELOY GONZÁLEZ VICENTE, R.E. N.º. 2.632 DE DATA 12 DE ABRIL DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE BRASIL N.º. 17 DE A

GUARDA-C.P. 36780, PARA REFORMAS INTERIORES E EXTERIORES CONSISTENTES EN SUBSTITUIR SOLADOS, ALICATADOS, SANITARIOS E GRIFERIAS EN MAL ESTADO DE CONSERVACIÓN DOS BAÑOS INTERIORES EXISTENTES NA PLANTA 2ª, RESTAURACIÓN ESTÉTICA DA FACHADA SUBSTITUINDO BARANDILLAS, IMPERMIABILIZACIÓN DE TERRAZAS, COLOCACIÓN DE RECERCADOS, CHAPADO DE PEDRA EN ESQUINALES E PINTADO EXTERIOR DE TODA FACHADA, DO EDIFICIO SITO NA RÚA DE BRASIL Nº. 17, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D. FLORENTINO SANTOS ALONSO ÁLVAREZ, R.E. Nº. 3.948 DE DATA 30 DE MAIO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 1º TRANSVERSAL OUTEIRO-CASCALLAR Nº. 10 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA REALIZAR MURO DE CONTENCIÓN NUNHA LONXITUDE DE 5,00 MTS. LINEAIS E UNHA ALTURA DE 1,50 MTS., NA FINCA DA SÚA PROPIEDAD SITA NA RÚA DE 1º TRANSVERSAL OUTEIRO-CASCALLAR Nº. 10, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A Dª. MARÍA RITA LOMBA RODRÍGUEZ, R.E. Nº. 4.547 DE DATA 4 DE XULLO DE 2006, E CON DOMICILIO NA PRAZA DO RELÓ Nº. 9 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA CONSISTENTE EN SUBSTITUIR O FIBROCEMENTO POR TELLA MIXTA, LIMPEZA DE FACHADA EXTERIOR RETIRANDO OS AZULEXOS EXISTENTES DEIXANDO A PEDRA A VISTA REXUNTADA DO COR DA PEDRA E RETIRAR PISO DE PARKET POR PLAQUETA CERÁMICA NO PISO 2º DA EDIFICACIÓN SITA NA PRAZA DO RELÓ Nº. 9, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

A Dª. MANUELA LOMBA RODRÍGUEZ, R.E. Nº. 4.415 DE DATA 14 DE XUÑO DE 2007, E CON DOMICILIO NA PRAZA DO RELÓ Nº. 8 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS ENTRAMADOS DE MADEIRA POR CORREAS PREFABRICADAS DE FORMIGÓN, COLOCACIÓN DAS PLANCHAS DE FIBROCEMENTO EXISTENTES E POBLADO DE TELLA DO PAIS NUNHA SUPERFICIE DE 54,00 M²., REPICADO DOS AZULEXOS DA FACHADA PARA REXUNTADO POSTERIOR DA PEDRA VISTA DO EDIFICIO SITO NA PRAZA DO RELÓ Nº. 8, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

A Dª. CRISTINA MÓNICA RODRÍGUEZ COLLAZO, R.E. Nº. 2.889 DE DATA 26 DE ABRIL DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE COUTO Nº. 18 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA PECHE DE PARCELA E CONTENCIÓN NOS SEUS EXTREMOS LINDEIROS NUNHA LONXITUDE DE 17,00 MTS. LINEAIS REALIZADO EN FÁBRICA DE BLOQUE REVESTIDO DE PEDRA,

REPOSICIÓN DA BEIRRARRÚA POR CESIÓN E CANETA PARA DESAUGADOIRO, SITA NA RÚA DE CARRETERA DE CAMPOSANCOS (PO-552 A GUARDA-CAMPOSANCOS [P.Q. 4,700]), EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A D. XABIER FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, R.E. Nº. 4.150 DE DATA 5 DE XUÑO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE VICENTE SOBRINO Nº. 13-BAIXO DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REFORMA E ORNATO CONSISTENTE NO RECERCADO CON PEDRA DAS VENTÁS, PORTA PRINCIPAL E GARAXE; SUBSTITUCIÓN DAS CARPINTERIAS; E LAVADO E PINTADO DA FACHADA DA EDIFICACIÓN SITA NA RÚA DE A RODA Nº. 17, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.).

A D. ROBERTO DOMÍNGUEZ BARROS, R.E. Nº. 3.859 DE DATA 28 DE MAIO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE A CAL Nº. 121 DE A GUARDA-C.P. 36780, PARA REPARAR A CUBERTA DO CABANÓN NUNHA SUPERFICIE DE 42,00 M<sup>2</sup>., CONSISTENTE EN SUBSTITUIR OS ENTRAMADOS DE MADEIRA POR CORREAS DE FORMIGÓN, PLANCHAS DE FIBROCEMENTO E COLOCACIÓN DA TELLA EXISTENTE SITO NA RÚA DE LAXES Nº. 17, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CIVIDÁNS” DA PARROQUIA DE SALCIDOS (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.).

A CONSTRUCCIONES AGUNLIS, S.L. EN REPRESENTACIÓN DE D<sup>a</sup>. MARÍA DEL CARMEN ABREU TORRES, R.E. Nº. 2.065 DE DATA 31 DE MARZO DE 2006, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 1º TRANSVERSAL LONGRA Nº. 7 DE A GUARDA-C.P. 36789, PARA PECHE FRONTAL A ESTRADA PO-552 NUNHA LONXITUDE DE 32 MTS. LINEAIS REALIZADO EN PEDRA DE PERPIAÑO E PECHE POSTERIOR NUNHA LONXITUDE DE 42,00 MTS. LINEAIS E UNHA ALTURA DE 1,80 MTS. FORMANDO UN ZUNCHO DE FORMIGÓN E COLOCACIÓN DE BLOQUES CON FRETE Ó CAMIÑO, DA FINCA SITA NO LUGAR DE “AS LOUCENZAS” (ORDENANZA Nº. 8 DO P.X.O.U.).

A URBE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS, S.L., R.E. Nº. 4.167 DE DATA 5 DE XUÑO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE PADRE RAMÓN MARÍA ALLER Nº. 6-4º A DE VIGO-C.P. 36201, PARA COLOCACIÓN DE PLAQUETA NUNHA SUPERFICIE DE 50,00 M<sup>2</sup>. EN PLANTA BAIXA, ESCALEIRAS E PLANTA PRIMEIRA, SUBSTITUCIÓN DE PLAQUETA E ALICATADOS EN ASEO, REPARAR GRETA NA FACHADA PRINCIPAL PARA POSTERIOR PINTADO, INSTALACIÓN DE FONTANERÍA E DESAUGADOIROS DE ASEO E COCIÑA, INSTALAR 2 PORTAS INTERIORES E CAMBIO NA FACHADA DE 2 VENTÁS E PORTA DE MADEIRA POR ALUMINIO DE COR VERDE, DA VIVENDA UNIFAMILIAR SITA NA RÚA DE OLIVA Nº. 36, EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 5 DO P.X.O.U.).

A D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ GIL, R.E. Nº. 4.194 DE DATA 6 DE XUÑO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE QUINTA-CHENLO Nº. 2 DE O PORRIÑO-C.P. 36414, PARA REALIZACIÓN DUN POZO DE BARRENA PARA CAPTACIÓN DE AUGA, SITA NO LUGAR DE “A PIQUE” (PARCELAS Nº. 541, 542-POLÍGONO Nº. 22), EN SOLO NON URBANIZABLE DE PROTECCIÓN DE COSTAS (ORDENANZA Nº. 15 DO P.X.O.U.).

#### PUNTO 5.- LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA

A Xunta de Goberno Local, vista a instancia presentada por D. JUAN BAUTISTA NEIVA LÓPEZ E D<sup>a</sup>. MARÍA DEL PILAR ALONSO MARTÍNEZ, R.E. Nº. 3.918 DE DATA 29 DE MAIO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE 2º TRV. SALGUEIRO Nº. 18 DE A GUARDA-C.P. 36788, PARA LIQUIDACIÓN COMPLEMENTARIA Á LICENCIA Nº. 20/1997 OUTORGADA POLA COMISIÓN DE GOBERNO MUNICIPAL DE DATA 03-02-1997, POR DIFERENCIAS PRESUPUESTARIAS CONTEMPLADAS NAS MODIFICACIÓNS FINAIS DAS OBRAS E CERTIFICADO FINAL DE OBRAS PRESENTADAS CON DATA 29-05-2007 E R.E. Nº. 3.918 POR (*AUMENTOS DA PLANTA PRIMEIRA*), RESPECTO DO PROXECTO TÉCNICO BÁSICO E EXECUCIÓN PRESENTADO CON DATA 09/08/1996 E R.E. Nº. 2.123, PARA CONSTRUCCIÓN DE “VIVENDA UNIFAMILIAR” COMPOSTA DE (PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA), SITA NA RÚA DE 2º TRANSVERSAL SALGUEIRO Nº. 18, EN SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL DE “CAMPOSANCOS” (ORDENANZA Nº. 7 DO P.X.O.U.), acorda proceder a liquidación complementaria da licencia nº 20/1997.

#### PUNTO 6.- LICENCIA DE APERTURA

( Asiste o funcionario don José M<sup>a</sup> Álvarez Álvarez)

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por DNA. M<sup>a</sup> ISABEL ALONSO GÓMEZ (RE 314 de data 19 de xaneiro de 2007), para a apertura dun local dedicado a actividade de PERSOAL DOCENTE ENSINANZAS DIVERSAS (Epig. 826.2) situado na rúa Concepción Arenal, nº 15.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a DNA. M<sup>a</sup> ISABEL ALONSO GÓMEZ licenza municipal nº 11/2007 para a apertura dun local dedicado a actividade de PERSOAL DOCENTE ENSINANZAS DIVERSAS (Epig. 826.2) “AREAL” situado na rúa Concepción Arenal, nº 15.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por DNA. ELVIRA BAZ LOMBA (RE 4.071 de data 01 de xuño de 2007), para a apertura dun local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR DE MENAXE, FERRETERÍA, ADORNO (Epig. 653.3) situado na rúa Manuel Álvarez, nº 10-baixo esquerda.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, ACORDA :

Conceder a DNA. ELVIRA BAZ LOMBA licenza municipal nº 12/2007 para a apertura dun local dedicado a actividade de COMERCIO MENOR DE MENAXE, FERRETERÍA, ADORNO (Epig. 653.3) “NACAR” situado na rúa Manuel Álvarez, nº 10-baixo esquerda.

#### PUNTO 7.- CAMBIO DE TITULARIDADE DE LICENCIA DE APERTURA.

( Asiste o funcionario don José M<sup>a</sup> Álvarez Álvarez)

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licenza municipal promovida por DNA. ANA ISABEL ÁLVAREZ GARCÍA (R.E. 1.589 de data 09 de MARZO do 2007), para o local dedicado a actividade de OUTROS CAFÉS E BARES (Epig. 673.2) sito na rúa de Baiona, nº 5-baixo (Bloque 3), que antes figuraba a nome de DNA. M<sup>a</sup> LUISA PEREIRA PÉREZ,

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a ANA ISABEL ÁLVAREZ GARCÍA, cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de DNA. MARIA LUISA PEREIRA PEREZ, para o local dedicado a actividade de OUTROS CAFÉS E BARES (Epig. 673.2) sito na rúa de Baiona, nº 5-baixo (Bloque 3) de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licencia municipal promovida por D. RAUL GRAÑA NOVELLE (R.E. 2.774 de data 20 de ABRIL do 2007), para o local dedicado a actividade de COMERCIO TEXTIL MINORISTA (Epig. 651.2) sito na rúa de Cervantes, nº 1-baixo, que antes figuraba a nome de DNA. CARMEN Mª DA COSTA EVANGELISTA ALONSO,

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a D. RAUL GRAÑA NOVELLE, cambio de titularidade na licencia municipal que antes figuraba a nome de DNA. CARMEN Mª DA COSTA EVANGELISTA ALONSO, para o local dedicado a actividade de COMERCIO TEXTIL MINORISTA (Epig. 651.2) sito na rúa de Cervantes, nº 1-baixo de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licencia municipal promovida por D. ANTONIO LOMBA MARTÍNEZ (R.E. 3.417 de data 14 de MAIO do 2007), para o local dedicado a actividade de PERSOAL DOCENTE DE ENSINANZAS DIVERSAS (Epig. 826) sito na rúa de Concepción Arenal, nº 44-1ª, que antes figuraba a nome de D. ANGEL MANUEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ,

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a D. ANTONIO LOMBA MARTÍNEZ, cambio de titularidade na licencia municipal que antes figuraba a nome de D. ANGEL MANUEL RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, para o local dedicado a actividade de PERSOAL DOCENTE DE ENSINANZAS DIVERSAS (Epig. 826) sito na rúa de Concepción Arenal, nº 44-1ª de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de cambio de licencia municipal promovida por SILMO C.B. A GUARDA (R.E. 612 de data 1 de FEBREIRO do 2007), para o local dedicado a actividade de RESTAURANTE 1 TENEDOR "GAVIOTA" (Epig. 671.5) sito na rúa do Porto, nº 42-baixo, que antes figuraba a nome de D. JOSÉ VICENTE RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ,

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade ACORDA :

Conceder a SILMO C.B. A GUARDA, cambio de titularidade na licenza municipal que antes figuraba a nome de D. JOSÉ VICENTE RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, para o local dedicado a actividade de RESTAURANTE 1 TENEDOR (Epig. 671.5) “GAVIOTA” sito na rúa do Porto, nº 42-baixo de A Guarda.

#### PUNTO 8.- LICENCIA DE APERTURA ACTIVIDADE MOLESTA

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por D. DAMIAN ALONSO ALONSO ( R.E. 3.113 de data 04 de MAIO de 2007), para a APERTURA DUN LOCAL PARA A ACTIVIDADE DE OUTROS CAFÉS E BARES (EPIG. 673.2), sito na rúa de San Marcos, nº 1 – Esquina rúa Colón.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, da Consellería de Xustiza así como da Consellería de Medio Ambiente, a Comisión de Goberno, por unanimidade ACORDA:

Conceder a D. DAMIAN ALONSO ALONSO, licenza municipal (L.A.M. 2/2007 ) para a APERTURA DUN LOCAL PARA A ACTIVIDADE DE OUTROS CAFÉS E BARES (EPIG. 673.2), sito na rúa de San Marcos, nº 1 – Esquina rúa colón de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licenza municipal promovida por DIRECCIÓN XERAL DA GARDA CIVIL ( R.E. 610 de data 1 de febreiro de 2007), para a INSTALACIÓN DUN DEPÓSITO AÉREO DE G.L.P. DE 4 M<sup>3</sup> DE CAPACIDADE PARA ALIMENTACIÓN DA CASA CUARTEL DA GARDA CIVIL DE A GUARDA, sito na rúa de paseo de Portugal, nº 25 de A Guarda.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, da Consellería de Xustiza así como da Consellería de Medio Ambiente, a Comisión de Goberno, por unanimidade ACORDA:

Conceder a DIRECCIÓN XERAL DA GARDA CIVIL licenza municipal ( L.A.M. 3/2007) para a INSTALACIÓN DUN DEPÓSITO AÉREO DE G.L.P. DE 4

M<sup>3</sup> DE CAPACIDADE PARA ALIMENTACIÓN DA CASA CUARTEL DA GARDA CIVIL DE A GUARDA sito na rúa de paseo de Portugal, nº 25 de A Guarda.

Visto o procedemento incoado para o efecto, así como a acta-informe de recoñecemento emitido polos Servicios Técnicos do Concello, en relación coa solicitude de licencia municipal promovida por D. MANUEL ANGEL BAZ MARTÍNEZ ( R.E. 2.255 de data 02 de ABRIL de 2007), para a APERTURA DUN LOCAL PARA A ACTIVIDADE DE OUTROS CAFÉS E BARES (EPIG. 673.2), sito na rúa de Malteses, nº 119-baixo.

Atendendo a que a súa tramitación axústase á normativa aplicable, incorporándose informes dos servicios técnicos municipais e da Consellería de Sanidade, da Consellería de Xustiza así como da Consellería de Medio Ambiente, a Comisión de Goberno, por unanimidade ACORDA:

Conceder a D. MANUEL ANGEL BAZ MARTÍNEZ, licencia municipal (L.A.M. 4/2007 ) para a APERTURA DUN LOCAL PARA A ACTIVIDADE DE OUTROS CAFÉS E BARES (EPIG. 673.2), sito na rúa de Malteses, nº 119-baixo de A Guarda.

#### PUNTO 9.- TRAMITACIÓN LICENCIA DE APERTURA

( Asiste o funcionario don José M<sup>a</sup> Álvarez Álvarez)

Dáse conta do expediente tramitado a instancia de D. ROBERTO MARTÍNEZ DE ANTOÑANA DELGADO, R.E. Nº 3.114 DE DATA 4 DE MAIO DO 2007) no que solicita LICENCIA DE ACTIVIDADE PAA RESTAURANTE, para o local sito na rúa de José M<sup>a</sup> Sesto, nº 23-baixo deste término municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, de 30 de novembro de 1961, e

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite, cumpríndose os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos a actividade.

RESULTANDO: Que durante o periodo de reclamacións non se presentou ningunha .

CONSIDERANDO: Que o emplazamento previsto é conforme co uso urbanístico, asignado a zona, respetándose as distancias e non existindo na zona actividades analógas que poidan producir efectos aditivos .

A Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA :

PRIMEIRO: Informar favorablemente a licencia de actividade solicitada por D. ROBERTO MARTÍNEZ DE ANTOÑANA DELGADO para RESTAURANTE para o local sito na rúa de José María Sesto, nº 23-baixo deste término municipal

SEGUNDO : Dadas as características da actividade que se pretende, propoñense a adopción das medidas correctoras sinaladas no proxecto.

TERCEIRO: Dar traslado do expediente a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Dáse conta do expediente tramitado a instancia de BECARA PARK, S.L. R.E. Nº 3.583 DE DATA 22 DE MAIO DO 2007) no que solicita LICENCIA DE ACTIVIDADE DE CAFETERÍA, para o local sito na rúa de Transversal Troncoso, nº 5-7 baixo deste término municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, de 30 de novembro de 1961, e

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite, cumpríndose os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos a actividade.

RESULTANDO: Que durante o periodo de reclamacións non se presentou ningunha .

CONSIDERANDO: Que o emplazamento previsto é conforme co uso urbanístico, asignado a zona, respetándose as distancias e non existindo na zona actividades analógas que poidan producir efectos aditivos .

A Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA :

PRIMEIRO: Informar favorablemente a licencia de actividade solicitada por BECARA PARK. S.L. para LICENCIA DE ACTIVIDADE DE CAFETERÍA para o local sito na rúa de Transversal Troncoso, nº 5-7 baixo deste término municipal

SEGUNDO : Dadas as características da actividade que se pretende, propoñense a adopción das medidas correctoras sinaladas no proxecto.

TERCEIRO: Dar traslado do expediente a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible e a Delegación Provincial da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Dáse conta do expediente tramitado a instancia de LIDL SUPERMERCADOS, S. A. U., R.E. Nº 3.582 DE DATA 22 DE MAIO DO 2007) no que solicita LICENCIA DE ACTIVIDADE DE SUPERMERCADO, para a nave sita na rúa de José M<sup>a</sup> Sesto, s/n - As Cachadas deste término municipal, actividade comprendida no Regulamento de Actividades Molestas, Insalubres, Nocivas e Perigosas, de 30 de novembro de 1961, e

RESULTANDO: Que o proxecto técnico e demais documentación foron admitidos a trámite, cumpríndose os trámites de información pública e notificación persoal ós veciños inmediatos a actividade.

RESULTANDO: Que durante o periodo de reclamacións non se presentou ningunha .

CONSIDERANDO: Que o emplazamento previsto é conforme co uso urbanístico, asignado a zona, respetándose as distancias e non existindo na zona actividades analógas que poidan producir efectos aditivos .

A Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA :

PRIMEIRO: Informar favorablemente a licencia de actividade solicitada por LIDL SUPERMERCADOS, S.A.U. para LICENCIA DE ACTIVIDADE DE SUPERMERCADO para a nave sita na rúa de José M<sup>a</sup> Sesto, s/n - As Cachadas deste término municipal

SEGUNDO : Dadas as características da actividade que se pretende, propoñense a adopción das medidas correctoras sinaladas no proxecto.

TERCEIRO: Dar traslado do expediente a Delegación Provincial da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible.

## PUNTO 10.- OBRAS MAIORES

Asiste o funcionario do Concello D. José M<sup>a</sup> Álvarez Álvarez.

A Xunta de Goberno Local, tralo informe do arquitecto técnico do Concello, acorda acceder ó solicitado polas persoas que se citan, tendo que cumprilo interesado as seguintes condicións:

1.- De conformidade co disposto no decreto 311/93, a vivenda terá que obter deste Concello, trala visita e informe técnico para o respecto, A LICENCIA DE 1<sup>a</sup>

OCUPACIÓN, requisito indispensable para ocupar-la vivenda; trámite este que se producirá con independencia da presente licencia, e que terá que ser solicitada ó Concello por vía de instancia oficial, facendo constar que a inexistencia da licencia de 1ª ocupación non permitirá a conexión ós servicios de auga, luz, etc., tendo que ser solicitados os citados servicios a través da correspondente instancia ó Concello, e unha vez obtida a licencia de 1ª ocupación.

2.- O titular da presente licencia de obras terá que colocar a pé de obra un cartel indicativo da mesma, de 1,20 x 0,85 mts, co núm. de licencia, data do seu outorgamento, redactor do proxecto e aparelador, así como nome e apelidos do propietario e mailo contratista da obra.

3.- A presente licencia caducará:

- Se transcorresen seis meses sen que as obras fosen iniciadas.
- Se as mesmas non se rematasen no prazo de 3 anos.

Ámbolos dous prazos contaránse a partir do día seguinte á notificación da presente licencia.

4.- Acórdase a aprobación provisional do Imposto de Construcións e Obras e Taxa de Licencia de Obras, segundo a autoliquidación practicada, podendo ser a mesma revisada polo Concello.

5.- As obras teránse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (Condicións das obras en relación coas vías e servicios públicos) e 2.5.14 (valado das obras) recollidas no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

6.- As obras autorizadas só poderán ser realizadas por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

7.- Unha vez iniciadas obras e inmediatamente despois do enrase e formigonado da cimentación, polo propietario ou no seu caso polo contratista, solicitarase do concello a presenza do técnico municipal, para revisa-lo axeitado das obras á licencia concedida, o que se volverá a realizar unha vez executada a cubrición.

8.- A licencia outórgase sen prexuízo de terceiros.

A PROMOCIONES IGLEPOR, S.L., R.E. Nº. 1.259 DE DATA 26 DE FEBREIRO DE 2007, E CON DOMICILIO NA RÚA DE CARACAS Nº. 3-BAIXO DE VIGO-C.P. 36203, PARA “DEMOLICIÓN DE 2 EDIFICACIÓN” DESARROLLADAS EN (PLANTA BAIXA E PLANTA ALTA) E CONSTRUCCIÓN DE (EDIFICIO DE 27 VIVENDAS, LOCAL COMERCIAL E GARAXES) DESARROLLADO EN (PLANTA SOTO-2, PLANTA SOTO-1, PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA, PLANTA SEGUNDA E PLANTA DE BAIXO CUBERTA) POLA RÚA DE GALICIA Nº. 115 (PORTAL 1) E RÚA DE NETOS Nº. 1 (PORTAL 2-PORTAL 3) DESARROLLADO EN (PLANTA SOTO-2, PLANTA SOTO-1, PLANTA BAIXA, PLANTA PRIMEIRA E PLANTA DE BAIXO CUBERTA), EN SOLO URBANO (ORDENANZA Nº. 1 DO P.X.O.U.) “*EDIFICACIÓN EN BLOQUE CERRADO*”.